

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA VALORES ÉTICOS**  
**CURSO 2022-2023**

**LOMCE**

Curso	Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
2º e 4º ESO	Probas escritas , orais.calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto...), - -	60%.	Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativ
	Actividades ,traballo na aula , Traballos en grupo	30%.	Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
	Libreta, actitude , asistencia, participación,	10%.	-Terase en conta a limpeza, claridade. As faltas de ortografía e presentación, podéndose restar 0,5 puntos cando estes últimos aspectos sexan descoidados habitualmente - As actitudes que impidan o bo funcionamento da clase repercutirán negativamente na puntuación final.

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN : EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS**  
**CURSO 2022-202**

**LOMLOE**

Curso	Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
3º ESO	Probas escritas , orais, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto...), -	40%.	-Terase en conta a limpeza, claridade. As faltas de ortografía e presentación, podéndose restar 0,5 puntos cando estes últimos aspectos sexan descoidados habitualmente -Levar a caderno ao día -Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
	Actividades ,traballo na aula: os traballos en grupo	40%.	Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.

	Participación :as intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario	20%.	É moi importante manter un clima de respecto ás participacións e opinións dos compañeiros /as - As actitudes que impidan o bo funcionamento da clase repercutirán negativamente na puntuación final.
--	---	------	---

Á nota de cada avaliación se lle aplicaran as seguintes regras de redondeo: Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7 (Esta medida aplicarase se o comportamento e a implicación do alumno/a é correcta ).

## RECUPERACIÓN DA MATERIA DURANTE O CURSO

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos que non acaden un mínimo dun 5. Os traballos propostos deberán ser presentados se o resultado foi negativo ou nos foran entregados. Con respecto á recuperación final o alumnado terá un prazo de entrega para completar atrasos nas tarefas, así como modificación dalgunhas non superadas. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación a final de curso consistente na realización de exercicios que versarán sobre os contidos traballados durante o curso, terán tamén que presentar os traballos que o profesor /a considere oportunos .

## PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores seguirá un plan de reforzo

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica. Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.

### Probas

Febreiro	Entrega dun traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto...), O aprobado gardaráselle para as probas posteriores
Maio	Entrega dun traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto...), O aprobado gardaráselle para as probas posteriores
Xuño	Se non ten entregados ou avaliados negativamente os traballos anteriores os entregará todos nesta data.